

GALEGO.

CONTRACCIÓNS

Lembra que os artigos determinados (o,a,os,as) contraen con algunhas preposicións (a, en, por, de)

Completa:

a + a - á en + o - por + o - de + o -

a + o - en + a - por + a - de + a -

Do mesmo xeito os demostrativos, os indefinidos tamén contraen coas preposicións:

Completa:

En + aquel - naquel de + esta -

En + algún - de + algunha -

En + outro - de + outra -

De + aquela - en + outros -

Copia as oracións e emprega as contraccións axeitadas:

- Non atoparás os guantes moble, busca lugar.
- Este obxecto perdido ten que ser dos turistas que estiveron hospedados hotel.
- Iamos entrar museo e vimos que pechaban a porta.
- Seguro que lle escoitaches falar historia ao avó ocasión.
- Deixaría esquecido o paraugas tenda que entrou.
- O percorrido do autobús de liña transcorre aforas de Narón.
- A alcaldesa interesouse veciños que viven barrios máis humildes.
- O concelleiro pobo acudiu reunión país alumnos.

REPASO VERBOS

(Alguns verbos son irregulares, varían con respecto ao modelo que tomamos como referencia en cada conxugación)

Escribe a forma verbal correspondente:

2ª persoa do singular do presente de indicativo do verbo subir-

2ª persoa do plural do presente de subxuntivo do verbo discutir-

3ª persoa do singular do pretérito imperfecto de subxuntivo do verbo bater-

1ª persoa do singular do pretérito imperfecto de indicativo do verbo andar-

1ª persoa do plural do pretérito pluscuamperfecto de indicativo do verbo competir-

3ª persoa do plural do pretérito perfecto de indicativo do verbo facer-

1ª persoa do singular do presente de indicativo do verbo ver-

2º persoa do singular do pretérito perfecto de indicativo do verbo traer-

3ª persoa do singular do futuro de indicativo do verbo partir-

1ª persoa do singular do pretérito perfecto de indicativo do verbo estar-

2ª persoa do plural do presente de subxuntivo do verbo poner-

1ª persoa do singular do condicional de indicativo do verbo saír-

2ª persoa do plural do pretérito pluscuamperfecto de indicativo do verbo querer -

Infinitivo do verbo fuxir-

Xerundio do verbo dicir-

Participio do verbo facer-